

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CENTRO GALEGO DE BARCELONA PARA O APOIO Á PROMOCIÓN TURÍSTICA NA CAMPAÑA "GALICIA 360º" E Á SÚA ESTRUCTURA E FUNCIONAMENTO

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Centro Galego de Barcelona o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Centro Galego de Barcelona para o apoio á promoción turística na campaña "Galicia 360º" e á súa estrutura e funcionamento.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade galega.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.



Segundo.- O Centro Galego de Barcelona é unha asociación de carácter sociocultural sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública, que agrupa todas as persoas de Galicia que se atopen en Cataluña, así como todas aquelas persoas que comparten os fins.

Esta asociación fundouse o 7 de abril de 1892, denominándose posteriormente casa de Galicia de Barcelona o 11 de xaneiro de 1931, e recuperou o nome de Centro Galego de Barcelona o ano 1941.

O obxectivo do Centro Galego de Barcelona é fomentar o coñecemento de Galicia, da súa historia, xente, cultura, lingua, gastronomía e turismo, para o que manterá lazos culturais con esta terra.

Trátase do único Centro Galego de Barcelona, de importante raizame histórica, xa que, como quedou exposto, foi fundado en 1892. A súa sede atópase no piso do Conde Güell, un edificio emblemático localizado en pleno paseo das Ramblas, na zona de maior densidade de turistas de Barcelona e a escasos metros do Camiño de Santiago.

Todas estas razóns converteron ao Centro Galego de Barcelona no lugar de referencia de Cataluña para as persoas interesadas en coñecer Galicia e recibir información sobre o camiño de Santiago, incrementándose de ano en ano o número de persoas que o visitan co obxecto de solicitar documentación turística sobre Galicia. Ademais realiza numerosas actividades dedicadas a dar a coñecer e achegar a cultura galega aos residentes en Barcelona.

Terceiro.- No ano 2017 a Axencia de Turismo de Galicia apoiou ao Centro Galego de Barcelona, nas actuacións de rehabilitación dos espazos na sede do Centro para a realización na sede de accións de promoción e na posta en marcha dun punto de información turística de Galicia, por tratarse dunha iniciativa de relevancia para a divulgación da oferta turística galega desde o exterior.

Para continuar coas actuacións de promoción iniciadas, o Centro Galego propón unhas liñas de traballo nas que incidirá a campaña Galicia 360°, centrándose na potenciación do Camiño de Santiago, a gastronomía e os eventos culturais. As actividades que se levarán a cabo son: durante a celebración musical e gastronómica que o Centro Galego de Barcelona fará nas Ramblas para a celebración de Santiago fará promoción e difusión entre os asistentes dos diferentes Camiños de Santiago e fará entrega de credenciais de



peregrino, presencia en actividades que se farán na Rambla durante a firma de libros de autores galegos ao longo da xornada de Sant Jordi, e participación na Tast a la Rambla, evento gastronómico organizado por Amics de la Rambla e Grupo GSR.

Cuarto.- A Axencia Turismo de Galicia, para fomentar a colaboración público privada na consecución destes fins comúns, considera conveniente a sinatura deste convenio co Centro Galego de Barcelona, que permita a consecución dos obxectivos sinalados, e que redunde na promoción turística da nosa Comunidade Autónoma.

Que a través deste convenio, outórgase ó Centro Galego de Barcelona unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

